

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE CEE NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE CEE

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, **don Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuando en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **dona Margarita Lamela Louzán**, actuando en nome e representación do Concello de Cee (CIF P1502300E), en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.


As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O 4 de xuño de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cee, no que se establecen as bases para a reforma do centro de saúde de Cee.



1



II. En virtude do previsto no convenio, o Concello de Cee redactou o documento técnico necesario para a execución das obras, licitou e adxudicou o contrato relativo á execución das obras

III. O orzamento das obras proxectadas ascendía a 322.008,36 €, co seguinte réxime de cofinanciamento:

Achega do Concello de Cee: 64.401,67 € (20%)

Achega do Servizo Galego de Saúde: 257.606,69 € (80%)

As achegas do Servizo Galego de Saúde realízanse con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, na que existe crédito axeitado e suficiente.


A cláusula sexta do convenio establece como data límite para a xustificación dos gastos o 11 de decembro de 2025, e a cláusula décimo terceira fixa a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2025.

IV. O importe final da adxudicación do contrato ascende a 274.344,51 €, o que supón unha redución de 47.663,85 € respecto ao orzamento de licitación.

V. Mediante escrito do 3 de decembro do 2025, o Concello de Cee achegou un informe do director facultativo da obra sobre o estado da súa execución, no que indica que, malia o avance conforme ao proxecto e aos pregos, se produciron incidencias que impiden a súa finalización no prazo previsto, quedando pendente arredor do 5 % da reforma.

A demora deriva, segundo o informe achegado polo Concello, das condicións climatolóxicas adversas, fundamentalmente as choivas rexistradas entre finais de outubro e comezos de decembro, que imposibilitaron a correcta execución dos traballos fachada e ocasionaron deterioro en revestimentos recentemente aplicados.

VI. Segundo o establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia dos convenios, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.



VII. Co fin de acadar o obxectivo previsto resulta necesario, modificar a data límite para a xustificación do gasto pendente de executar e prorrogar a vixencia do convenio, ata o 30 de xuño de 2026.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Modificación da CLÁUSULA SEGUNDA do convenio (Orzamento das actuacións)

Modifícase a cláusula segunda do convenio, que pasa a redactarse do seguinte xeito:

O Concello e o Servizo Galego de Saúde repartiranse o financiamento das obras a realizar, quedando a distribución como a continuación se indica


Anualidades	Importe	Achega Sergas (80%)	Achega Concello (20%)
2025	261.564,50 €	209.251,60 €	52.312,90 €
2026	12.780,01 €	10.224,01 €	2.556,00 €
TOTAL	274.344,51 €	219.475,61 €	54.868,90 €

A achega correspondente ao ano 2025 realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, na que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2025.

No suposto de producirse incremento na liquidación final, este repercutirá na parte que execute as obras.

SEGUNDA. Modificación da CLÁUSULA SEXTA. (Período subvencionable)

Modifícase o apartado 2 da cláusula sexta do convenio, que pasa a redactarse do seguinte xeito:




2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acreedor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.

O período subvencionable será dende o día da sinatura do convenio ata o día 30 de xuño de 2026. A data límite para a xustificación destes gastos será o 11 de decembro de 2025 agás para os gastos que se executen no exercicio 2026, que o será ata o día 30 de xuño de 2026.

No caso de que o gasto xustificado polo concello non acadase o orzamento total previsto na cláusula segunda, o Servizo Galego de Saúde só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. A entidade local beneficiaria estará obrigada a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.



TERCEIRA. Modificación da CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA (Vixencia)

A cláusula décimo terceira do convenio pasa a redactarse do seguinte modo:

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2026.

Así queda redactada a presente addenda de Convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes no lugar e data indicados ao inicio.



Polo Servizo Galego de Saúde

Antonio Gómez Caamaño

Polo Concello de Cee

Margarita Lamela Louzán